

CIENCIAS SOCIAIS

*Investigación, fontes documentais,
didáctica e recursos dixitais*

Unha mirada desde a Lexislación, a Historia, a Memoria Histórica,
a Socioloxía, a Antropoloxía e a Didáctica das Ciencias Sociais



Uxío-Breogán Diéguez Cequiel
Miguel García-Fernández
(Eds.)

Collectivus

Colección: Collectivus

Edita: Instituto Galego de Historia

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (Ed.)

Miguel García-Fernández (Ed.)

© As autoras e autores dos seus textos

1ª Edición. Santiago de Compostela, xullo de 2025.

Deseño e maquetación: Martiño Cabana Otero

Deseño de capa e impresión: Sacauntos Cooperativa Gráfica

Distribúe: Consorcio Editorial Galego S.A.

ISBN: 978-84-09-20815-9

DL: C 1075-2025

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (Ed.)
Miguel García-Fernández (Ed.)

CIENCIAS SOCIAIS.
Investigación, fontes
documentais, didáctica e
recursos dixitais.

UNHA MIRADA DESDE A LEXISLACIÓN,
A HISTORIA, A MEMORIA HISTÓRICA,
A SOCIOLOXÍA, A ANTROPOLOXÍA,
E A DIDÁCTICA DAS CIENCIAS SOCIAIS

FONTES DOCUMENTAIS DA GALICIA MEDIEVAL PARA O PROFESORADO EN FORMACIÓN: MATERIAIS PARA A INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA EDUCACIÓN SECUNDARIA A PARTIR DO EGPA¹

MIGUEL GARCÍA-FERNÁNDEZ² e RICARDO PICHEL³

Introdución

O profesorado en formación ten o desafío de dotarse dos coñecementos necesarios para, posteriormente, transferilos ao estudiantado, ao mesmo tempo que debe reflexionar sobre as posibilidades e métodos que ten ao seu dispor para transmitir os contidos establecidos polo marco normativo, deseñando, consecuentemente, as estratexias máis idóneas para conseguilo de forma efectiva e adaptada ao alumnado correspondente. No que atinxe á ensinanza da Historia, e particularmente da Historia medieval, cómpre ter en conta, entre outras moitas cuestións⁴, que non poucas veces a excesiva dependencia docente respecto dos libros de texto que ofrecen as editoriais supón unha limitación á hora de integrar as

1 Este traballo foi realizado no marco dos proxectos de investigación CM/2018-T1/HUM-10230 e CM/2022-5A/HUM-24226, 2021-CP037, PID2019-108910GB-C22, PID2022-141727NB-C22, PID2022-137790NB-100. Así mesmo, forma parte das investigacións desenvolvidas por Miguel García-Fernández no marco do seu proxecto de doutoramento, “Mulleres e cultura escrita na Galicia medieval (séculos XII ao XVI)”, dirixido polos doutores Diana Pelaz Flores (USC) e Pablo S. Otero Piñeyro Maseda (IEGPS / CSIC-Xunta de Galicia).

2 Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia), Universidade de Santiago de Compostela.

3 Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED) e Instituto da Lingua Galega (USC)

4 Un traballo de interese desde a óptica internacional sobre diversos aspectos relacionados coa didáctica da Historia nas etapas formativas preuniversitarias é o de Kitson, Hubsbans e Steward 2015. A el pódense sumar numerosas contribucións que abordan esta cuestión tanto desde a perspectiva teórica como práctica, especialmente no ámbito da crecente difusión e disponibilización en acceso aberto de traballos académicos realizados no marco dos actuais mestrados de formación do profesorado.

novidades derivadas das investigacións máis recentes, xerando discursos “canónicos” que habitualmente arrastran problemas como, por exemplo, a xeneralización sen matices, a falta de actualización ou, mesmamente, o androcentrismo, un aspecto moi acusado, no que se vai insistir ao longo deste traballo. Neste sentido, pois, resulta fundamental reflexionar sobre as posibilidades didácticas –sen esquecer tamén os retos e dificultades– que pode ofrecer o uso directo das fontes históricas, é dicir, o emprego de fontes primarias por parte do profesorado en formación e, posteriormente, do seu alumnado, tanto á hora de achegarse ao pasado, como de abordar unha reflexión crítica sobre como se constrúe o discurso historiográfico que se transmite a través dos libros de texto ou de materiais divulgativos complementarios.

No que á ensinanza da Historia medieval se refire, o profesorado en formación parte dun marco legislativo que, para o caso galego, vén determinado tanto pola lexislación do Estado español como pola da Xunta de Galicia⁵. Neste contexto, o período medieval intégrase dentro dos contidos deseñados para o segundo curso da Educación Secundaria, carecendo, en boa medida, dunha ampliación posterior que permita profundar e desenvolver coñecementos máis específicos. De todos os xeitos, aínda que sobre a ensinanza da historia medieval na Secundaria xa se teñen feito diversos balances e reflexións (Sáiz Serrano 2010, Echevarría Arsuaga 2015), así como propostas didácticas –en auxe igualmente no marco do itinerario de Ciencias Sociais e Humanidades dos mestrados de Formación do Profesorado–, son moitas as posibilidades que se ofrecen aínda á hora de innovar, actualizar e procurar unha formación e didáctica da Historia medieval máis efectiva e achegada á complexidade da propia sociedade que, heteroxénea e cambiante, protagonizou o longo período histórico que, segundo as convencións historiográficas aínda vixentes –e sobre as que sería bo reflexionar na aula–, durou uns dez séculos, acollendo no seu seo estruturas e conxunturas moi diversas.

Neste marco, o presente traballo ofrece un pequeno conxunto de textos históricos que informan sobre diferentes realidades que afectaron a numerosas mulleres que viviron ou que tiveron un destacado protagonismo social, político, económico ou cultural no

5 Para o marco estatal véxase <https://educagob.educacionfpydeportes.gob.es/curriculo/curriculo-lomloe/menu-curriculos-basicos/ed-secundaria-obligatoria/materias/geografia-historia/criterios-eval-primer-segundo-curso.html>. Para o caso especificamente galego, https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0002_es.html

seo da Galicia medieval. Estes documentos, transcritos no marco dos traballos que se están a desenvolver dentro da plataforma dixital colaborativa do Escritorio Galego-Portugués Antigo (EGPA) – que aquí se presenta e que constitúe *per se* un recurso investigador e didáctico a usar na aula–, semellan recursos propicios para que o profesorado en formación non só amplíe os seus coñecementos sobre as fontes primarias do período e as realidades que se desenvolveron nel máis alá dos contidos que ofrecen as sínteses e manuais académicos, senón tamén para que reflexionen e deseñen un conxunto de estratexias didácticas coa finalidade de que o alumnado de Educación Secundaria acceda a un coñecemento directo das fontes históricas primarias e, especialmente, para que estas se convirtan en ferramentas útiles para a inclusión da perspectiva de xénero na ensinanza-aprendizaxe da Historia. Este aspecto, estreitamente ligado ao esquecemento da historia das mulleres no marco do discurso historiográfico e docente, constitúe un dos grandes retos que afrontar despois de que os avances investigadores do último medio século confirmaran a necesidade de prestar atención á experiencia histórica feminina para ter un coñecemento cabal e máis certo das sociedades do pasado e, entre elas, a medieval.

As fontes documentais da Galicia medieval na Secundaria a través do EGPA: posibilidades didácticas

Tal e como se acaba de indicar, o presente traballo quere facer fincapé nas posibilidades didácticas que se abren para o profesorado en formación mediante o acceso directo ás fontes primarias, concretamente ás fontes documentais da Galicia medieval. Trátase non só dunha posibilidade ou un desiderato co obxectivo de enriquecer a súa perspectiva histórica, senón dunha práctica a levar á aula, tal e como aparece contemplado no propio marco lexislativo⁶. Neste sentido, entre os criterios de avaliación do Bloque 2. Sociedades e territorios para a materia de Xeografía e Historia, no 2º curso da Educación Secundaria Obrigatoria, establécese en primeiro lugar o feito de “contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas”. É preciso, pois, que o profesorado en formación e, posteriormente, o alumnado ao que formen sexan capaces de coñecer e analizar distintos tipos de fontes primarias. De feito, entre a ducia de ideas clave para a ensinanza e aprendizaxe da his-

6 Decreto 156/2022, de 15 de setembro de 2022; DOG Núm. 183, de 26 de setembro de 2022, páx. 50010.

toria que destacan Feliu Torruella e Hernández Cardona (2011: 45-68), contéplase a existencia de traballar a partir das propias fontes do pasado, e moi especialmente das primarias, máis alá da súa tipoloxía e sempre apostando por sometelas a un xuízo crítico (Ibídem: 97-104). Porén, cómpre ter en conta que algunhas experiencias recentes teñen evidenciado unha problemática importante: “la dificultad que tiene el alumnado para comprender qué es una fuente documental” e mesmo que “no fueron capaces de identificar qué es un archivo, siendo frecuente la referencia a museos, yacimientos arqueológicos, edificios históricos o material audiovisual” (Pampliega Pedreira e Cruz Redondo 2020: 211). Consecuentemente, neste contexto faise máis necesario aínda reforzar o coñecemento do profesorado en formación sobre as fontes históricas directas –neste caso as documentais e de carácter manuscrito– e unha reflexión sobre as súas posibilidades de uso na aula⁷. Así, as visitas a arquivos, o uso de facsímiles co alumnado e, sobre todo, as numerosas opcións que se nos ofrecen a través do mundo dixital á hora de acceder á visualización e descarga de fontes documentais –ben por medio de arquivos dixitais e repositorios⁸, ben doutras plataformas máis dinámicas como o mencionado EGPA– son todas elas posibilidades para que o profesorado teña un contacto directo coas fontes primarias de cara ao seu uso na aula. Todo isto nun contexto no que, á marxe de que moitas veces non se recorre directamente ás fontes primarias para achegarse á sociedade que as produciu, “cuando se usan fuentes para enseñar Historia Medieval y Moderna, se suele recurrir a textos presentados con caracteres de imprenta y no tanto al original manuscrito por la dificultad que puede entrañar su lectura y su uso por parte de los alumnos” (Martín López e Fernández Izquierdo 2020: 781). Ante este feito, pois, xérase unha certa distorsión ou nesgo que o profesorado en formación debe paliar mediante a propia aprendizaxe de coñecementos diplomáticos e paleográficos⁹ e o uso de recursos que lle permitan mostrar ao alumnado tanto a materialidade das fontes históricas das que se adquire a intelección do pasado medieval –e/ou doutros períodos históricos, sobre todo cando falamos de documentación

7 Unha formulación deste tipo aplicada ao período moderno en Martín López e Fernández Izquierdo 2020.

8 Véxase a modo de exemplo recursos como os referenciados en García-Fernández 2019 e 2022c.

9 Sobre a ensinanza da paleografía nas aulas universitarias resultan de interese as reflexións, propostas e resultados ofrecidos en Ares Legaspi 2018 e, centrado na aplicación das TIC, Ares Legaspi e Belmonte Fernández 2018.

manuscrita previa ou á marxe da imprenta—, así como os contidos que, unha vez transcritos, recollen eses textos. De aí, como se verá, a utilidade de dispoñer nunha mesma plataforma como o EGPA da posibilidade de acceder simultaneamente tanto á lectura dun documento histórico —ben na súa versión máis conservadora e apegada á materialidade gráfica do manuscrito, ben na súa versión mediatizada por medio dunha presentación regularizada, modernizada ou mesmo adaptada ou traducida a un determinado rexistro ou modalidade lingüística— como á súa imaxe ou reprodución facsimilar, coa finalidade de coñecer como, onde ou con que escribían séculos atrás —cos seus consecuentes cambios na diacronía e unha reflexión sobre os retos que formulan os problemas de conservación do patrimonio—, o cal tamén permite clarificar quen ou para que(n) se elaboraban esas fontes e que contidos recollen¹⁰.

Por outra banda, a importancia de acceder ás fontes primarias galegas no caso do alumnado da actual Comunidade Autónoma de Galicia resulta evidente no cumprimento doutros obxectivos, tal e como se recolle nos criterios de avaliación¹¹. Neste contexto, se ben as fontes históricas son sumamente numerosas e abranguen desde a arqueoloxía á historia oral, pasando pola cultura visual, para o caso medieval as fontes textuais —tanto na súa vertente literaria como estritamente documental— conti-

10 Sobre estas posibilidades e unha proposta de transposición didáctica de fontes primarias de historia medieval á ensinanza véxase, por exemplo, Zabaleta Aranz 2016, quen parte da elección de dous exemplos de fontes testamentarias, un dos tipos documentais que conta cun proxecto propio no EGPA (o COR-TESGAL: <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=CORTESGAL>).

11 Referímonos, por exemplo, ao feito de que o alumnado deba “identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia”, así como “relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron constituíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal”, “identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social”, ou, tamén en estreita relación coa importancia de coñecer, valorar e contribuír á conservación do patrimonio documental —caso dos pergamiños aos que se fará referencia neste traballo como materiais de apoio na aula—, “valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos”.

núan a ser a principal vía de coñecemento para entender e explicar ese longo período histórico. Isto é especialmente evidente no caso galego, onde, precisamente, os estudos de arqueoloxía medieval non son inexistentes, mais tampouco equiparables aos realizados grazas ao proceso de transcripción e estudo das fontes documentais¹². Cobra, pois, sentido, ofrecer como recurso para o profesorado en formación o Escritorio Galego-Portugués Antigo. Na súa aposta pola reprodución facsimilar e a multiedición dixital das fontes relativas á Galicia medieval –e non exclusivamente, pois entre os seus proxectos hai iniciativas relativas ao patrimonio documental galego de séculos posteriores, para alén de fontes producidas no reino medieval de Portugal–, considérase un proxecto non só relevante no marco investigador galego, especialmente dentro do campo das Humanidades Dixitais (supoñendo un salto cara adiante respecto doutras iniciativas de interese e con obxectivos similares ou complementarios¹³), senón tamén para a ensinanza da Historia e, así mesmo, da Lingua e a Literatura Galegas, que tamén forman parte dos *curricula* da Ensinanza Secundaria e do Bacharelato na nosa Comunidade.

Como xa se advertiu, o EGPA constitúe unha plataforma dixital de grande utilidade para que o profesorado en formación se achegue de forma directa ás fontes e, a partir delas, poida explorar as moitas posibilidades de explotación e intelexión do

12 Un balance recente sobre a arqueoloxía medieval en Galicia en Fariña Busto e Suárez Otero 2023. A modo de contraste e evidenciando o peso da investigación sobre as fontes documentais, pódense revisar algúns dos principais estados da cuestión sobre o medievalismo galego: Portela e Pallares 1988, 1993; Pérez Rodríguez 2010; ou Álvarez García 2020.

13 O Escritorio Galego-Portugués Antigo, dirixido por R. Pichel e M. García-Fernández, é unha iniciativa enmarcada nos proxectos “HERES: patrimonio textual panibérico. Recuperación y memoria” (Universidad de Alcalá, CM/2018-T1/HUM-10230 e CM/2022-5A/HUM-24226) e “PTGM. Patrimonio textual na Galicia medieval. Prosa documental e literaria” (Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela; 2021-CP037), e actualmente é accesible desde o repositorio institucional da Universidade de Alcalá (<https://corpora.uah.es/egpa/>). Véxase unha descrición das funcionalidades da plataforma e unha mostra dos proxectos integrados nela en Pichel e García-Fernández 2023 e 2024, e Caballero Gómez, Peris Vicent e Pichel 2024. Outros recursos complementarios ou afíns ao EGPA, nos que non nos podemos deter neste traballo, son os corpus CGPA (<https://ilg.usc.gal/cgpa/>) e CODOLGA (<https://corpus.cirp.es/codolga>), actualmentes converxentes no recurso FONTEGAM (<https://corpus.cirp.gal/fontegam>), ou o GMH (<https://gmh.consellodacultura.gal/>) e as bases de datos BITAGAP (https://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap_ga.html) e BiRMED (<https://bernal.cirp.gal/ords/bib/r/birmed3>).

patrimonio escrito medieval, ben sexan as fontes documentais – nelas centramos este traballo– ou os textos literarios¹⁴. Dunha parte, tanto o profesorado como o seu potencial alumnado poden operar con este recurso para visualizar, por un lado, as diferentes versións nas que se presenta o texto: de acordo co xa exposto, unha lectura máis conservadora (transcrición paleográfica ou diplomática), complementada coa posibilidade de ver a imaxe do manuscrito, o cal permite descubrir as grafías e abreviaturas orixinais do manuscrito e, por tanto, reflexionar sobre a maneira en que o latín ou o romance medieval (galego-portugués ou castelán) se escribía naquela altura; e outra presentación máis regularizada ou modernizada, a edición propiamente dita, que posibilita unha lectura máis cómoda e doada para entender o contido do texto, así como para reparar nas unidades léxicas e na súa evolución semántica ao longo do tempo. Esta última instancia editorial (presentación crítica) é a que se ofrece, como botón de mostra, na documentación publicada neste traballo. A consulta dos textos, ademais, pódese facer á íntegra, é dicir, a través da lectura completa de cada unha das pezas documentais, mais tamén por medio de diferentes parámetros de procura textual (palabras, expresións, lemas, onomástica etc.) ou metatextual (cronoloxía, xeografía, tipoloxía documental, escribán, notario, arquivo etc.), o cal

14 No ámbito da prosa instrumental, o EGPA acolle actualmente diferentes proxectos, tanto galegos como portugueses, vinculados a certas tipoloxías documentais e ámbitos de emisión de grande interese, tamén desde o campo da didáctica –ademais do xa citado CORTESGAL (*Corpus testamentario de Galicia*), o CORESGAL (*Corpus de espontáneas de Galicia*), o CORREGAM (*Corpus rexio e rexinal da Galicia medieval*) ou o eREGINAE (*Escrita e rainhas. As chancelarias reginais como instrumentos de poder, sécs. XI-XVI*)–, para alén doutras liñas de traballo centradas nun fondo arquivístico específico ou nunha determinada instancia ou área de produción documental –como o eASPA (*Edición dixital do fondo medieval do Arquivo de San Paio de Antealtares, Santiago de Compostela*), o eCaTui (*Edición dixital dos protocolos notariais de Xoán Rodríguez. Catedral de Tui, 1413-1442*), o eRiaPon (*Edición dixital dos mosteiros da ría de Pontevedra*) ou o GalScript I (*GALLÆCLÆ SCRIPTORES: O rexistro de escrituras de Vasco Gómez Varela, 1448*)–. Polo que respecta ao ámbito literario, hogano o EGPA xa integra algúns proxectos de edición dixital de textos historiográficos –como ARANHIS (*Archivum Annalisticum Hispanum: Edição e estudo de anais medievais portugueses*), MELE (*Da memória escrita à leitura do espaço: Pedro de Barcelos e a identidade cultural do Norte de Portugal. Edição digital do Livro de Linhagens*), CBAN (*Crónica Breve do Arquivo Nacional: os livros de inquirições e a historiografia do século XV*)– e xurídicos –como 7PDgp (*Edición dixital das Sete Partidas na Galiza e Portugal*)–. Todas estas iniciativas, en andamento, pódense consultar na sección de proxectos do EGPA (<https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=projects>).

devolve o texto buscado en formato abreviado (concordancia) coa posibilidade de consultar tamén o contexto íntegro da peza en cuestión. Por último, a proxección a mapa, a navegación polos *corpora* a través da tradición textual e manuscrita coñecida, así como a consulta do acervo histórico-lingüístico dun determinado fondo documental a través de nubes de palabras, permite conciliar e rastrexar diferentes planos de análise (xeolectal, cultural, arquitectónico etc.) á hora de trazar os diversos axentes ou núcleos de produción, circulación e recepción dos textos, máis alá da súa materialidade e contido (Pichel e García-Fernández 2023).

Superar o androcentrismo discursivo: a inclusión da perspectiva de xénero a través das fontes documentais

A pesar dos notables avances investigadores realizados no marco da historia das mulleres ao longo das últimas décadas¹⁵, resulta evidente –chegando a se converter nun lugar común– a falta de integración da perspectiva de xénero en moitas investigacións historiográficas e, sobre todo, na didáctica da historia tanto no ámbito universitario como nas etapas educativas anteriores. De feito, aínda que existen diversos materiais ao dispor do profesorado (ben en formación, ben no exercicio do seu labor docente) centrados non só na historia das mulleres en xeral¹⁶, senón tamén de

15 Non é este o lugar para facer un estado da cuestión, mais cómpre destacar que, atendendo ao contexto galego ao que aquí nos referimos, xa hai sínteses sobre o tema para o conxunto dos períodos históricos, incluída a etapa medieval. Véxanse, neste sentido, os catro volumes que conforman a colección Rey Castelao 2010-2011. Algunhas reflexións sobre os avances, influencias, retos e posibilidades da historia das mulleres galegas durante a Idade Media e as súas fontes en García-Fernández 2022a. Desde unha perspectiva máis ampla, e para unha valoración historiográfica desde o medievalismo peninsular, véxanse os traballos recollidos en López Ojeda 2021.

16 Aínda que non dirixidos especificamente ao profesorado en formación, cómpre destacar a utilidade de proxectos editoriais con aproveitamento para este colectivo e tamén para os investigadores, de forma que se favorece un acceso sinxelo a antoloxías de textos que fan fincapé na relevancia histórica feminina –caso de Aguado *et al.* 1994 ou, para o caso galego, Rodríguez Galdo 1999–, sen esquecer aproximacións biográficas xerais de corte divulgativo como Segura Graíño 1998, Martínez *et al.* 2000, ou, para o ámbito galego, Marco 2007. Porén, moitas destas publicacións non recollen boa parte dos avances investigadores realizados nas últimas décadas, polo que cumpriría unha revisión e/ou ampliación dos materiais e perspectivas que ofrecen; de aí a necesidade de reflexionar sobre as contribucións de novas fontes e interrogantes. Neste sentido, unha lograda proposta en tempos recentes é a ofrecida por Calvo Maturana *et al.* (2022), que abarca fontes da historia universal desde o séc. VI a.C. até o 2018, mais sen representatividade galega. No ámbito dixital,

forma máis específica nas mulleres medievais¹⁷, moitos destes recursos parece que tiveron unha repercusión limitada ou, cando menos, non o suficientemente prolongada no tempo como para trascender a elaboración de unidades ou materiais didácticos complementarios e conseguir integrarse verdadeiramente nun currículo no que, como se ten insistido en diversos foros, é evidente a falta de presenza femininas ou estas quedan reducidas a informacións marxinais ou simplemente complementarias no mellor dos casos¹⁸. Deste xeito, e máis alá de modas ou novidades historiográficas, semella necesario continuar insistindo na necesidade de rachar cos discursos androcéntricos tradicionais para integrarmos a perspectiva de xénero e das mulleres por medio da elaboración de materiais didácticos específicos, pero tamén mediante unha reivindicación da reescritura xeral do discurso histórico que van transmitir os docentes en formación nas súas aulas¹⁹. Trátase, pois, de evitar que a integración das mulleres no sistema de ensinanza-aprendizaxe da Historia, tanto no que afecta ao profesorado en formación como ao conxunto do alumnado preuniversitario, quede

susceptible dunha maior capacidade de actualización conforme avanza as investigacións, cómpre subliñar iniciativas como o *Álbum de mulleres* do Consello da Cultura Galega (<https://culturagalega.gal/album/>), que destaca polo seu potencial formativo e ilustrativo á hora de ofrecer unha visión da historia non sexista ou simplemente androcéntrica.

- 17 É o caso, por exemplo, de unidades didácticas como a de Ayuso López *et al.* (1997), onde se propoñen actividades arredor de fontes documentais que informan sobre o traballo das mulleres nos séculos medievais. Máis recentemente tamén comezan a ofrecerse diversas propostas didácticas por parte, precisamente, do profesorado en formación. Véxase, neste sentido, Pagès Poyatos 2017.
- 18 Un balance e reflexión sobre o ensino da Historia desde a perspectiva de xénero na ESO e no Bacharelato a partir dunha experiencia docente no contexto galego en Domínguez Touriño 2012. Un estudo de caso a partir da análise cuantitativa/cualitativa da presenza/ausencia das mulleres nun manual do 2º curso do Bacharelato, e consecuentemente sobre mulleres do período contemporáneo, en Saavedra-Mitjans 2017. Véxase para o caso das mulleres do período moderno na Secundaria Garibeh Louze e Duro Garrido 2020 e tamén Martínez San Nicolás 2020, con reflexións en boa medida aplicables ao caso medieval. Unha breve aproximación xeral sobre o conxunto de estereotipos e a invisibilidade das mulleres nos libros de texto da Secundaria en Maldonado Cid 2020. Tamén de grande interese mais alá do ámbito estritamente histórico é a base de datos de López Navajas, López García-Molins *et al.* (2009) sobre as mulleres na ESO.
- 19 Ao mesmo tempo, cómpre recoñecer e subliñar a existencia de numerosas experiencias, iniciativas e proxectos destinados a procurar a transferencia e divulgación dos coñecementos adquiridos pola investigación en historia das mulleres ao ámbito da Educación Secundaria e do Bacharelato. É o caso da experiencia recollida en Rubiera Cancelas *et al.* 2022.

reducido a iniciativas exclusivamente individuais e só por parte dun profesorado concienciado que, en boa medida, é o que polo momento sustenta os avances no reto da inclusión da historia das mulleres²⁰. Tamén as problemáticas relativas á incorporación ou non das mulleres nos manuais escolares teñen moito que ver coas temáticas e enfoques históricos predominantes nos manuais. Como constataron Sant Obiols e Pagés Blanch (2011: 132-133), “el predominio de la historia política sobre las otras «historias» ha ocasionado que las mujeres apareciesen como «personajes secundarios» en los contenidos de historia que se enseñan en nuestras escuelas”. E isto a pesar de que a nova historia política, xunto á historia de xénero, teñen contribuído nos últimos anos a matizar a idea dun escaso papel político feminino, sobre todo por medio dunha redefinición dos poderes formais e informais das mulleres en todos os ámbitos do exercicio do poder e da autoridade. Aínda así, unha historia máis social e cultural pode facilitar a adopción dun discurso historiográfico menos androcéntrico e máis inclusivo.

Nese sentido, e ante a necesidade xa referida de incentivar o coñecemento directo das fontes primarias –e máis concretamente das documentais–, é fundamental que as seleccionadas para o seu uso na aula sexan o suficientemente representativas dunha sociedade que estaba conformada por homes e mulleres en relación, evitando así a invisibilización dunha boa parte dos seus membros que non só foron chave na continuidade biolóxica da mesma, senón tamén na súa reprodución social, económica, política e cultural. Reforzarmos isto semella máis necesario aínda no caso dunhas fontes documentais como as medievais, que, como xa se advertiu, precisan dun tratamento previo na aula por parte do profesorado para que o alumnado sexa capaz de aprehender xunto ás posibilidades que ofrecen, as dificultades ou retos no seu procesamento –coñecemento lingüístico marcado pola pluralidade e polas transformacións derivadas da diacronía, capacidade para trasladar as fontes manuscritas da época aos usos escriturarios actuais mediante coñecementos paleográficos, aprendizaxe no manexo e explotación das novas tecnoloxías humanístico-dixitais etc.–²¹.


20 Prácticas neste sentido son as recollidas e analizadas en traballos como o de Boix Vicente e Fuertes Muñoz 2024, referido a profesorado en exercicio no ámbito valenciano.

21 Esta realidade ten fomentado, pola contra, que moitas experiencias de integración e visibilización da historia das mulleres na escola, sobre todo cando se recorre a fontes directas, estean centradas no período contemporáneo. Un estudo de caso sobre as mulleres durante a II República e a Guerra Civil española nun curso de 4º da ESO en Portas Rodríguez 2017.

Se ben as investigacións sobre a historia medieval de Galicia evidencian o propio androcentrismo das fontes documentais producidas e conservadas, tamén se ten insistido en que cuantitativa e, sobre todo, cualitativamente son moitos os aspectos que poden ser estudados sobre as mulleres da Galicia medieval a partir dos documentos dispoñibles. Así, unha lectura das fontes notariais —aquelas nas que se insistirá aquí como exemplos útiles para tomar consciencia das presenzas e do protagonismo histórico das mulleres— permite constatar unha realidade na que cómpre facer fincapé: lonxe de ser unha metade da sociedade marxinalizada e/ou marxinalizada, as mulleres como colectivo estiveron plenamente integradas nas dinámicas sociais, económicas, culturais, relixiosas e mesmo políticas da Galicia e a Iberia medievais. Así, fronte a tópicos literarios (tanto medievais como contemporáneos) que insisten na idea das mulleres da nobreza como damas encerradas nos seus castelos, ou aqueles discursos teóricos masculinos nos que se critica a natureza ou os comportamentos das mulleres, a realidade vivida por elas documéntase como unha experiencia histórica máis rica e diversa. Así o poñen de manifesto moitas compravendas, doazóns, testamentos, preitos e outros tipos documentais —algúns dos cales están representados *infra*— que se conservaron en moi diversos arquivos e que permiten constatar a condición das mulleres como suxeitos xurídicos activos, capaces de actuar no seo dunha sociedade na que tamén se lles recoñece a condición de propietarias e mesmo a capacidade para que as súas voces non só sexan escoitadas, senón que condicionen e mesmo determinen moitas realidades do seu tempo (García-Fernández 2018, 2022a).

Por outra parte, tamén cómpre lembrar que algunhas fontes documentais da Galicia medieval permiten ampliar os nosos coñecementos sobre as contribucións das mulleres ao ámbito cultural²². É o caso das informacións relativas ao seu mecenado ou promotorado de obras artísticas e monumentais —por exemplo de igrexas ou monumentos funerarios— ou, máis excepcionalmente, no que respecta á súa representación na cultura visual que acompaña os propios documentos e, consecuentemente, non só na práctica pictórica ou escultórica. Así, esta realidade da representación feminina na cultura visual que complementa os soportes documentais está ben representada, por exemplo, nun foro medieval do convento feminino de Santa Clara de Santiago de Compostela

22 Sobre a relación entre o xénero e a arte e a súa integración na ensinanza da historia (da arte) na Primaria e na Secundaria, véxase, por exemplo, Cruz Solís 2009: 42-44.



Imaxe 1: AHDS, Fondo San Martín Pinario, Santa Clara 102, doc. 7

En definitiva, nos seus aspectos formais e mesmo visuais – caso do foro das clarisas compostelás, pero tamén daqueles outros documentos nos que se conservan as propias sinaturas realizadas por mulleres, á marxe de que a escritura do texto correse a cargo de escribáns ou notarios–, así como tamén nos seus contidos, as fontes documentais preséntanse a ollos do profesorado en forma-

ción e, a través deles, ao potencial alumnado, como recursos idóneos para a integración da perspectiva de xénero na ensinanza da historia; é dicir, unha reflexión sobre os condicionantes históricos derivados da asignación de determinados roles sociais aos individuos en función do seu sexo, e, consecuentemente, tamén para coñecer con maior precisión, e lonxe de lugares comúns e prexuízos, a heteroxeneidade da experiencia histórica das mulleres medievais. Desta forma, fronte aos discursos impartidos na aula só en masculino ou nos que non se recoñecen presenza e actuacións femininas, as fontes primarias constitúen o mellor antídoto para renovar, ampliar e conformar un discurso historiográfico máis preciso e achegado á propia realidade histórica. Que o profesorado en formación e o alumnado sexan capaces de abordar unha reflexión e debate sobre o contraste entre os porqués dos silencios nos manuais, nos documentais e mesmo nas obras de divulgación respecto das mulleres medievais, cando se constata nos pergamíños e outros documentos da Idade Media que non só estiveron presentes senón que tamén eran nomeadas e que actuaban por si mesmas, será, sen dúbida, un importante fito educativo conseguido. De aí a necesidade de insistir na edición de fontes con representación feminina para facelas accesibles con vistas á súa explotación na aula.

Presenzas e (co)protagonismos femininos nas fontes documentais galegas. Algúns exemplos

Tal e como se foi anunciando, a continuación selecciónase un pequeno corpus documental –dispoñible tamén en liña para o seu uso na aula grazas á plataforma EGPA–, a través do que o profesorado en formación non só pode acceder a fontes documentais galegas útiles e necesarias para arrequentar e matizar o discurso sobre a historia medieval que se ensina na aula –favorecendo, así, a súa integración mediante a escolla de exemplos–, senón tamén para mostrallas directamente ao alumnado co obxectivo de que este reflexione sobre como se constrúe o discurso historiográfico que se lles ofrece –como e de onde procede a información que nos trasladan os manuais e docentes? Que dificultades atopan para a comprensión e tratamento destas fontes? Que é e como pode axudarlles a paleografía na comprensión e tratamento da documentación histórica?–; e, sobre todo, para que tomen conciencia, a través dunha análise dos contidos, da destacada presenza e notable protagonismo que tiveron a mulleres durante o período medieval en moi diversos ámbitos, algo que, como poderán comprobar, aparece ben documentado nas

fontes elaboradas no pasado, mais que non sempre ten o seu reflexo na síntese interpretativa –pois han de ser conscientes de que esta é á que acceden– que se lles ofrece na aula.

Así pois, ofrecemos aquí unha proposta de selección documental que se fundamenta en recuperar exemplos galegos, pensados, en boa medida –mais tampouco de forma exclusiva–, para o alumnado de Galicia. Partimos da consideración de que, mediante o recurso a exemplos documentais que nos informan da historia máis próxima, o alumnado será quen de percibir mellor a Historia non como un simple conxunto de feitos afastados no tempo e que tiveron lugar, coas súas causas e consecuencias, en espazos alleos ou lonxe da súa contorna inmediata, senón como un proceso que explica a realidade presente na que eles mesmos se integran. Un discurso histórico no que achegarse ao marco europeo e mundial, así como ao promovido desde o Estado español na liña das historias nacionais impulsadas desde o século XIX, que, no entanto, non implique ir en contra do recoñecemento da pluralidade e a diversidade histórica dos diferentes territorios que se integran en realidades políticas, sociais, económicas ou culturais máis amplas²³.

Desde o punto de vista cronolóxico, e atendendo aos contidos curriculares establecidos actualmente para a materia de Xeografía e Historia no 2º curso da ESO, en Galicia, a escolla documental privilexia o período pleno e baixomedieval, no que se integraría a realidade contemplada baixo a epígrafe: “Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais”. Neste sentido, este marco contextual tamén permitirá privilexiar outra realidade que pode ser impulsada de forma interdisciplinar co profesorado en formación do itinerario de Lingua e Literaturas. Referímonos ao predominio, no reino medieval de Galicia, do romance galego-portugués como lingua vehicular hexemónica nas fontes documentais desde a segunda metade do século XIII até finais do século XV, ao que se suma a conservación dunha literatura de seu, tanto no ámbito da lírica²⁴, como da

23 Neste horizonte cómpre situar obras de recente publicación que avogan por rachar co relato canónico da historia de España para subliñar a súa diversidade, lonxe, ademais, de calquera tipo de fundamentación teleolóxica. É o caso de Manzano Moreno 2024, cuxa “Introdución”, por exemplo, pode ser de suma utilidade para que o profesorado en formación reflexione na aula e fóra dela sobre o “combate pola historia de España” que se dá entre os diversos discursos ou enfoques historiográficos.

24 Sobre a lírica profana galego-portuguesa véxase unha guía básica, con diversos exemplos, en Meléndez Cabo e Vega Vázquez 2010, baixo a coordina-

prosa²⁵, á que aquí non nos referiremos mais que pode ser empregada tamén como complemento dos textos aquí propostos.

Por último, a continuación de cada texto ofrécense uns breves apuntamentos a partir dos que o profesorado en formación poderá reflexionar sobre algúns aspectos concretos relacionados co documento ao que acompañan. Tendo en consideración estes comentarios, sería desexable a elaboración de propostas de aplicación didáctica na aula. Así mesmo, recoméndase a exploración da plataforma dixital do EGPA non só para visualizar os documentos aquí editados, senón tamén para buscar outros exemplos nos que resulta igualmente evidente a presenza e protagonismo (activo) das mulleres.

Doc. 1

1257

Mariña Rodríguez, abadesa de San Salvador de Sobrado de Trives, afora a Xoán González, á súa muller Aldara Vázquez e a un fillo seu o casal de Nogueira.

A – Arquivo da Fundación Penzol (Vigo), Colección B de documentos soltos, PLA-04, n.º 30²⁶. Pergamiño, orixinal, latín, gótica cursiva fracturada semicaligráfica. Bo estado de conservación. Ed.: EGPA doc-0008²⁷, García-Fernández e Pichel 2023: 101-102, doc. 2; Martínez Sáez 1989: 69, doc. 33. Dado por perdido (ref. ASPA, *Pauta de pergamino*s, A. 1., VII/20).

ción de Esther Corral Díaz, e especialmente a antoloxía de Arias Freixedo 2003. Por outra parte, unha interesante proposta didáctica a partir da lírica relixiosa, concretamente das *Cantigas de Santa María* de Afonso X e o seu taller, en Fidalgo e Muíña 2005.

- 25 Unha síntese actualizada dos principais textos que conforman a prosa medieval galega, xeralmente descoidada ou lateralizada no propio marco da ensinanza do panorama literario da Galicia medieval, en Pichel *et al.* 2020, baixo a coordinación de Esther Corral Díaz e Ricardo Pichel. Para antoloxías de textos non só da lírica, senón tamén da prosa medieval galega, na espera de novos traballos que incidan especialmente neste último ámbito, véxase Pena 1990 e 2000, así como Monteagudo 1994, Freixeiro Mato 1996 e Campos Souto e Campos Souto 1996, estas tres últimas centradas exclusivamente no ámbito da prosa. Tamén cómpre mencionar a inclusión de textos en prosa literarios e mesmo notariais na *Escolma da Literatura Galega. Prosa I* (1989): 3-15 e 16-41.
- 26 Pódese acceder á reprodución dixital do documento no portal *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*: <<https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es.ga.36057.afp/es/consulta/registro.do?id=1506106>>.
- 27 Acceso á edición dixital: <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&cid=EGPA doc/EGPA doc-0008>.

In Dei nomine amen. Notum sit presentibus et futuris quod ego, dompna Marina Roderici, abbatissa mo²nasterii Sancti Saluatoris de Sobrado de Trivis, et omnis conuentus eiusdem loci, tam monialium quam ³ clericorum, damus et concedimus tibi, Johanni Gundissalui, et uxori tue Aldore Uelasci et uni filio uestro, ⁴ illud nostrum casale de Nogueira cum totis suis directuris, tali scilicet pacto quod detis inde annuatim ⁵ quintam de pane et de uino, et de illis terrenis de monte detis quintam et decem solidos pro directo annali et ⁶ decem solidos pro luctuosa; et de alio nichil. Et damus uobis illam hereditatem quam ego, dompna Mari⁷na Roderici, comparaui de Gomez Pelagii, et ipsa hereditas iacet in Cubanelos, et dabitis inde similiter quintam; ⁸ et post mortem trium uestrorum istud casale ad monasterium Sancti Saluatoris remaneat in pace. Si aliquis ⁹ homo uobis istud uoluerit frangere, sit maldictus et excommunicatus et cum Iuda traditore in inferno ¹⁰ dampnatus, et dompno Regi centum morabitanos persolvere teneatur; et ista carta in suo tempore firma et ¹¹ roborata permaneat.

Facta carta in Era M^a CC^a LXXX^a V^a, regnante rege dompno Alfonso in to¹²tis suis regnis; episcopo in Astorica dompno Petro, archidiacono dompno Matheo, tenente ¹³ Trivis et Caldelas Roderico Alfonsi. Qui presentes fuerunt: Santia Petri, prior; Maria Fernandi Elvira Fer¹⁴nandi, Marina Petri, Maior Pelagii, Santia Roderici, Maria Iohannis; Martinus Santi, Petrus Martini et ¹⁵ Dominicus Gundissalui, dompnus Michel, Iohannes Petri, Iohannes Michaelis et omnes isti, scilicet presbiteri et alii multi ¹⁶ qui uiderunt et audierunt.

Iohannes, diachonus, scripsit.

Comentarios:

A diferenza dos restantes textos propostos, este documento está escrito en lingua latina, a exclusiva ou predominante no territorio galego e ibérico até xustamente mediados do século XIII. É importante que tanto o profesorado en formación como o alumnado tomen conciencia dos retos e dificultades que xorden ante consulta directa de fontes históricas do período medieval, entre eles os relacionados coa lectura do tipo de escritura empregado no documento –para o que se precisan coñecementos de paleografía–, pero tamén no que respecta á lingua utilizada polo copista, ben sexa aínda o latín, ben a lingua romance (galego-portuguesa ou castelá) ou mesmo unha linguaxe híbrida latino-romance, opcións todas elas que implican asumir a propia idea da evolución das linguas desde a perspectiva diacrónica e mesmo diatópica.

Atendendo á tipoloxía do documento recollido neste pergamíño, estamos ante un dos numerosos foros que conforman o rico patrimonio documental da Galicia medieval. Pola significación histórica do sistema foral na historia de Galicia desde a Plena Idade Media até comezos do século XX, semella pertinente animar a unha reflexión sobre a importancia do foro no sistema de organización e explotación da terra tanto desde o punto de vista social como económico. Se ben a propiedade da terra e doutros bens (muíños, casas etc.) estaba concentrada en boa medida nas mans dos señores (e señoras), fosen estes leigos ou eclesiásticos, o usufruto destes bens adoitaba ser transferido a outras persoas para que o xestionasen durante un determinado período de tempo –habitualmente por varias voces ou xeracións– a cambio da entrega dunha renda anual e/ou o recoñecemento dalgúns outros dereitos aos propietarios.

Respecto das presenza femininas, é oportuno destacar que este documento procede do arquivo medieval do mosteiro de monxas bieitas de San Salvador de Sobrado de Trives (Ourense). Isto explica non só a identidade da outorgante, a abadesa dona Mariña Rodríguez –quen encabeza unha xestión na que actúa conxuntamente coas monxas que conforman a comunidade e os clérigos asociados a esta–, senón tamén que teñamos unha nómina das relixiosas que estarían presentes durante a realización do documento, encabezadas pola priora dona Sancha Pérez, o que permite achegarse á idea dos mosteiros medievais –tanto masculinos como femininos– como espazos xerárquicos. Por outra parte, as presenza femininas amplíanse coa figura de Aldonza Vázquez, a muller que, xunto co seu marido, Xoán González, e un fillo, recibe o casal de Nogueira en foro. É interesante destacar, precisamente, o co-protagonismo xurídico das mulleres á hora de asumir un compromiso como é o da recepción foral. Así, os foreiros serán ambos os dous cónxuxes. É habitual que cando se fai referencia a matrimonios sexa o home quen apareza en primeiro lugar, tamén porque moitas veces é o que está presente en determinados actos, aínda que recoñece actuar por el e pola súa cónxuxe. De todos modos, o que está claro é que ambos asumen o compromiso que establece o contrato. Trátase dunha propiedade que a abadesa comprara a un home, o que dá boa conta, no seu conxunto, do papel xurídico activo que tiveron moitas mulleres durante a Idade Media, de aí que aparezan como outorgantes de documentos, mais tamén como propietarias e xestoras de bens. Aspectos, todos eles, nos que se pode seguir afondando a través dos seguintes documentos.

Un último aspecto sobre o que chamar a atención é o sistema de datación empregado. Aínda que o documento se corresponde co ano 1257, até o século XV é habitual empregar na documentación medieval galega a “era hispánica”, un sistema de cómputo cronolóxico que obriga a restar 38 anos á data que aparece referida no documento, neste caso 1295. Tamén é de interese animar a unha reflexión sobre o uso dos números romanos ou o desenvolvemento por escrito dunhas datas que, actualmente, son expresadas con números arábigos. Trátase, pois, de ser conscientes dos distintos usos e hábitos empregados ao longo da historia á hora de marcar a cronoloxía dos feitos e dos documentos.

Doc. 2

1261, novembro, 11. Ferreira de Pantón.

Dona Milia, “domina” do mosteiro de Ferreira de Pantón, arrenda ao cabaleiro Pedro Airas o beneficio eclesiástico nas igrexas sarriás de Callás, Chorente, Nespereira e San Mamede.

A – Arquivo de Santa María de Ferreira de Pantón (Vigo), pasta 1, nº 13. Pergamiño, orixinal, galego, gótica cursiva fracturada común. Regular estado de conservación. Ed.: EGPAdoc-0058²⁸; Souto Cabo 2008: 152, doc. 150; Fernández de Viana y Vieites 1994: 33-34, doc. 19.

Conuzuda cousa seya ad todos aqueles que |² esta carta virem que eu, dona Milia, |³ in sembra cunna prior e cunno convento das donas |⁴ et dos clérigos do moesteiro de Ferreira, a vós, |⁵ Pedro Áreas, cavaleiro, damos e octorgamos in |⁶ préstamo in todos vosos día[s] a quarta da egleya |⁷ de Nespereira e a quarta [da] egleya de Sam |⁸ Julão de Chorente e a quarta [da egleya] de |⁹ San Mamede e a quarta da egleya de Santa María |¹⁰ de Calães; e per tal preito que vós ayudedes |¹¹ e demandedes ad prol do noso moesteiro, e |¹² nos diades delas in renda cada ano VIII soldos |¹³ in día de Santo André. Et que in esto non veña in |¹⁴ dulta nen possa nunca seer revogado, eu, dona |¹⁵ Milia, per mandado e per consello da prior e do convento d[e]|¹⁶se menesimo lugar, fiz a seelar esta carta de [meu] |¹⁷ seelo pendente.

28 Acceso á edición dixital: <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&cid=EGPAdoc/EGPAdoc-0058>. Notas á edición: *dona* (l. 12): con trazo supralinear. | *VIII* (l. 12): na verdade, parece que se escribiu “viiiij”; Souto Cabo (2008: 152) edita “viiiij”.

Dada in Ferreira, XI días andados |¹⁸ de novembro in era de mil e dozentos e noventa |¹⁹ e nove anos. Os que foron testes d'aquesta cousa.

Comentarios:

Esta peza, procedente do arquivo doutro mosteiro feminino, neste caso o de San Salvador (posteriormente Santa María) de Ferreira de Pantón –pertencente á orde cisterciense e situado en terras lucenses–, ilustra ben outra realidade medieval que non sempre se coñece: a do poder que exerceron algunhas mulleres da nobreza que non profesaron como relixiosas sobre determinados mosteiros vinculados ás súas familias. Estamos ante “señoras” ou *dominae* que chegaron a actuar en nome destas comunidades, situándose ao fronte delas. De feito, no caso de Ferreira de Pantón, se ben se documenta a presenza de mulleres da alta nobreza exercendo esta función (desde o último cuarto século XII até comezos do XIII), non se rexistra a figura da abadesa, que era o cargo que tiña a relixiosa que encabezaba as comunidades relixiosas femininas. Como vemos neste documento, dona Milia Iñíguez de Mendoza, viúva do pertegueiro maior de Santiago e señor de Lemos, don Fernán Gotérrez de Castro, outorga un préstamo en compañía do conxunto da comunidade –cuxo cargo máis elevado é o dunha priora– e faino “per mandado e per consello da prior e do convento”.

Tamén é interesante, a pesar de que non se conservou este elemento de validación documental da época, a referencia a que dona Milia mandou selar a carta co seu selo pendente. Estes selos, que habitualmente se asocian a varóns, tamén foron empregados por mulleres –fundamentalmente rañas, nobres e abadesas– para darlle autenticidade e solemnidade aos seus documentos.

Finalmente, cómpre destacar que dona Milia Iñíguez de Mendoza foi identificada cunha muller citada nunha cantiga do rei Afonso X, “Med’ei ao pertigueiro que ten Deça”, o que mostra a importancia de coñecer o contexto histórico-cultural para entender boa parte dos textos literarios do momento²⁹.

29 Véxase edición e comentario desta cantiga en Ferreiro (2018-): <https://www.universocantigas.gal/cantigas/medei-ao-pertigueiro-que-ten-deca>.

Doc. 3

1287, decembro, 15. Sobrado de Trives.

Os homes e mulleres foreiros de Sobrado comprométense, por eles e polo seus sucesores, a ser bos vasalos do mosteiro de San Salvador de Sobrado e da súa abadesa. dona Sancha Rodríguez. Pola súa parte, esta última, por ela e polas súas sucesoras, comprométese a amparalos e defendelos.

A – Arquivo de San Paio de Antealtares (Santiago de Compostela), Pergamiños, Caixón 4, Mazo 2-A, nº 27. Pergamiño, orixinal, galego, gótica cursiva fracturada común, 275 x 175 mm. Regular estado de conservación. Ed.: EGPA doc-0019³⁰; Martínez Sáez 1988: 148-149, doc. 71; Duro Peña 1967: 74-75, doc. 15.

Sabian quantos esta carta viren como nós, omes e mulleres todos for[eiros de So]brado, |² prometemos e outorgamos de seer bõos vassalos e leaes e obidientes ao [moestei]|³ro de San Salvador de Sobrado e abadesa e ao convento desse miismo lugar [por] |⁴ sempre; e outorgamos e prometemos por nós e por todos nossos beens que nunca nos [...] |⁵ vaamos nós nen aqueles que veeren apús nós contra o señorío nen contra abadesa nen [contra] |⁶ o convento deste mosteiro sobredito en niũa maneira. E nós, dona Sancha Rod[ríguez], |⁷ abadesa do mosteiro sobredito e o convento desse miismo lugar, por nós e por no|⁸ssas entrecessores, as que veeren apús nós, prometemos e outorgamos que vos ampar[e]mos |⁹ e vos defendamos a dereito a vós, omes e mulleres foreiros da vila sobredito de So|¹⁰brado, e aqueles que veeren apús vós, segundo a nossa posse, e que vos teñamos a bõo dere[ito] |¹¹ connosco. E se algún de nós, omes da vila sobredito de Sobrado, ou muller ou aqueles que ve|¹²eren apús nós contra este feito desusso dito, quissermos pasar ou ir contra o se|¹³ñorío sobredito,

30 Acceso á edición dixital: <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&cid=EGPA doc/EGPA doc-0019>. Notas á edición: [...] (l. 4): Duro Peña (1967: 74) e Martínez Sáez (1988: 148) len “alguus”, mais a secuencia é hoxe pouco lexible polo deterioro. | o (l. 5): Duro Peña (1967: 74) edita “e”. | en niũa maneira... mosteiro sobredito (ls. 6-7): a secuencia “en niũa maneira. E nós, dona Sancha Rod[ríguez], abadesa do mosteiro sobredito” omítese na edición de Duro Peña (1967: 74). | ampar[e]mos... defendamos (ls. 8-9): Duro Peña (1967: 74) edita “anpararmos... defendermos”. | connosco (l. 11): Duro Peña (1967: 74) e Martínez Sáez (1988: 149) len respectivamente “con uosco” e “convosco”. | [...] (l. 18): Duro Peña (1967: 74) le “Vilelma”, mais a secuencia é hoxe pouco lexible polo deterioro. | [...] Fernández (l. 19): Duro Peña (1967: 74) le “Matheu”, mais a secuencia é hoxe pouco lexible polo deterioro. | fi[z] (l. 23): Duro Peña (1967: 75) le “puge”.

peite en pëa C moravedís da moeda nova, os meos á voz del rei e os me^{|14}[os] á parte quere lossa; e esta carta vala e está firme por sempre assí como esté^{|15} escrita.

Feita esta carta en Sobrado, XV días de dezembro, era de mil e CCC^{|16} e XXV anos. Que pressentes foron por testemuyas desta carta chamadas e roga^{|17}das: frei Savascháon de Deça e frei Rodrigo de Riba d'Avea, da ordin dos prega^{|18}[dor]es; Pedro d'Ombreiro; Joán Rodríguez, escudeiro; Áreas Páez, Pedro Savascháez, [...] ^{|19} Domingo Gunzávez e Domingo Iohannis e [...] Fernández de [...] |²⁰ Domingo Fernández da Caal, Domingo Miguélez, Pedrelíño do Burgo; Martín Fernández, clérigo de ^{|21}T[or]vëo.

E eu, Apariço Iohannis, notario púplico del rei don Sancho en terra de ^{|22}[Ca]ldelas e de Trives, que presente foí e esta carta escriví a prazer e a mandado de ^{|23}todas estas partes, e meu sinal y fi[z] en testemuyo de verdade.

Comentarios:

Cando se pensa en señores e vasalos medievais, o imaxinario social e mesmo as representacións e textos empregados na ensinanza da historia tenden a presentar esta realidade como un elemento da sociedade feudal forte ou exclusivamente masculino. Porén, unha revisión da documentación da época permítenos comprobar que as mulleres tamén participaron nestas realidades, ben como señoras, ben como vasalas. Neste sentido, e máis alá das lóxicas cortesás entre reis e señores guerreiros, o presente documento permite traballar as relacións xerárquicas entre abadesas e campeñños no marco da Galicia medieval.

Os protagonistas deste documento son “omes e mulleres, todos foreiros de Sobrado”, que asumen o compromiso colectivo de ser bos vasalos, leais e obedientes ao mosteiro bieito feminino de San Salvador de Sobrado de Trives. Consecuentemente, nesta xerarquización das relacións sociais, son mulleres –a abadesa e o convento, é dicir, a comunidade de relixiosas– as que se sitúan á cabeza do sistema. Isto, derivado da súa condición de propietarias de bens posteriormente aforados á xente da contorna, implica non só un recoñecemento cara ás monxas, senón tamén a asunción dunha serie de obrigas por parte destas. De aí que a abadesa do momento, é dicir, dona Sancha Rodríguez, asuma por ela e por todas –as que están e as que virán– o compromiso de amparar e defender os foreiros. Trátase, pois, dun pacto social no que as mulleres participan plenamente, ben como foreiras e vasalas, ben como señoras con poder.

Doc. 4

1299, xaneiro, 18.

A viúva Maior Rodríguez, con outorgamento da abadesa de San Salvador de Sobrado de Trives dona Sancha Rodríguez, vende a Mariña Rodríguez, monxa deste mosteiro, unha viña no lugar de Arcos, xunto ao río de Retorta.

A – Arquivo de San Paio de Antealtares (Santiago de Compostela), Pergamiños, Caixón 4, Mazo 2-A, nº 47. Pergamiño, orixinal, galego, gótica cursiva fracturada común. Bo estado de conservación. Ed.: EGPA doc-0017³¹; Martínez Sáez 1988: 198-199, doc. 97.

Era de mil e CCC e XXXVII anos, XVIII días de janeiro. Sábean quantos esta car²ta viren como eu, María Rodríguez, muller que foi de Joán [...], e con outorgamento ³ de dona Sancha Rodríguez, abadesa de Sobrado de Trives, vendo e outorgo a vós, Mariña ⁴ Rodríguez, monja de Sobrado, e a toda vossa voz por sempre a mía viña que eu ei que está e⁵ no lugar que dizen o Río, a qual viña foi de Pedro Iohannis de Camba, como parte en cima cona ⁶ viña que foi de Domingo Sirgo e en fondo cono río da Retorta, e do outro cabo cona vi⁷ña de Pedro Sánchez de San Martiño e ende lado cona viña de María Pérez, filla de Terei⁸ja Domínguez, con súas pertencas e dereitos por estos términos, que está su sino de San Salvador de ⁹ Sobrado, por prezo nomeado que de vós recibí em diñeiros feitos e contados C moravedís da moeda ¹⁰ da guerra, de que me outorgo por mui ben pagada. E outorgo por min e por todos meus beens, gaa¹¹nados e por gañar, que vos ampare con esta viña sobredita a todo tempo a dereito. Et quen contra ¹² esta carta quiser pasar peite en pëa C moravedís da bõa moeda, os meos á voz del rei e ¹³ os meos á parte quere lossa; e esta carta vala e está sempre firme.

Que presentes foron por te¹⁴stemuyas desta carta chamadas e rogadas: Martín Fernández e Fernán Julláez e Per'Eanes, cléri¹⁵gos de Sobrado; Joán Martiz, outrossí clérigo; Nuno Pérez, escriván.

E eu, Apariço Iohannis, notario ¹⁶ público del rei don Fernando en terra de Caldelas e de Trives, que presente foi e esta carta

31 Acceso á edición dixital: <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&cid=EGPA doc/EGPA doc-0017.xml>. Notas á edición: *Joán* [...] (l. 2): a lectura parece correcta (“na papauáa”; así tamén en Martínez Sáez 1988: 198), mais o sentido desta secuencia antroponímica é confuso. | *direitos* (l. 8): Martínez Sáez (1988: 198) edita “dereyturas”. | *términos* (l. 8): con trazo supralinear. | *sino* (l. 8): con trazo supralinear.

escri|¹⁷ví por mandado de María Rodríguez sobredita e con outorgamento da sobredita abadessa, e meu si|¹⁸nal y fiz en testemuyo de verdade.

Comentarios:

A través deste novo documento procedente do mosteiro bieito de San Salvador de Sobrado de Trives, é posible reafirmar non só a dupla condición das mulleres como propietarias e xestoras de patrimonios inmobiliarios, senón tamén ampliar esta condición ao colectivo de relixiosas non só desde a perspectiva comunitaria senón tamén individual. É dicir, fronte a un imaxinario que considera que o voto de pobreza afastaría as mulleres que profesaron en relixión da posesión e do usufruto de propiedades a título persoal, illándoas dentro dos muros monásticos, a documentación dos cenobios femininos mostra unha experiencia feminina moito máis rica. Máis alá dos rezos, moitas relixiosas –e non só as abadesas e/ou prioras ao fronte das súas comunidades– xestionaron activamente uns patrimonios propios que moitas veces procedían das súas herdanzas, mais que, como neste caso, elas mesmas podían incrementar mediante xestións como foros ou compravendas.

Este documento recolle a venda que realizou unha viúva, María Rodríguez, a favor dunha monxa de Sobrado, Mariña Rodríguez, para a que contou co outorgamento, isto é, coa autorización, da abadesa do mosteiro, dona Sancha Rodríguez. Vemos, pois, unha plena participación xurídica feminina, que, ao mesmo tempo, á hora de falar das propiedades coas que limitaba a viña obxecto da transacción, é completada con outras mencións a mulleres propietarias. É o caso dunha “María Pérez, filla de Tereija Domínguez”, que tería unha viña lindeira.

Por outra parte, é interesante un apuntamento final sobre o recoñecemento do notario, neste caso Aparicio Eanes, de quen se di que “esta carta escriví por mandado de María Rodríguez sobredita e con outorgamento da sobredita abadessa”. Atendendo ás súas palabras, e a pesar de que foi un home quen redactou o documento e quen lle deu validez xurídica, foi unha orde feminina a que desembocou na realización deste acto. É por iso que se pode ampliar a reflexión sobre o papel das mulleres como promotoras ou “fazedoras” da cultura escrita medieval. De aí, precisamente, que os arquivos dos mosteiros femininos sexan en boa medida o resultado desa iniciativa das mulleres á hora de actuar no seo da sociedade medieval e pedir que as súas actuacións queden reflectidas en textos que se preocuparon por custodiar e conservar nas súas institucións (García-Fernández 2022).

Doc. 5

1375, xullo, 29.

Traslado dun documento polo que a raíña dona Xoana toma baixo a súa protección e amparo o mosteiro cisterciense de Santa María de Oia (Soria, 8 de xuño de 1375).

A – Archivo Histórico Nacional (Madrid), Clero Secular-Regular, carp. 1836, nº 4. Pergamiño, orixinal, galego e castelán, gótica cursiva redonda común. Bo estado de conservación. Ed.: EGPA-doc-0004³².

Sepan quantos esta carta viren como eu, dona Joana, pola graça de Deus reíña de Castela et de León, por fazer bem |² et merced al abade et al convento del monesteyro de Santa María de Oia, recibilos em miña guarda et em mi encomenda et em mi defendimiento |³ a ellos et a cada uno d'ellos et a todos sus coutos et cousas et vasallos et homes, et a todos sus bienes et a todas las sus cosas d'u quer que las |⁴ ayan, tam bem em las villas como em las tierras llanas como en los outros lugares qualesquier que los ayan, com todos los derechos que el Rey, mio señor, y ha |⁵ et deve aver. E defendo firmemente a todos los cavalleros et escudeiros et donas e a todos los outros qualesquier que seam que alguno nem algunos nom |⁶ seam ousados de lles fazer força nem torto nem demás, nem lles tomem cousa algũa de lo suyo nem a los sus vasalvos et homes nem em los sus cotos |⁷ nem granjas. Ca qualquier ou qualesquier que contra ellos ou contra qualquier d'ellos o contra sus bienes pasarem ou tomarem em algũa maneira o quiserem ir |⁸ ou pasar, pecharme íam em pena mil moravedís d'esta moneda cada uno; e al abade et convento del dicho monesteyro de Oia e a los sus vasallos |⁹ et homes ou a quem su voz tovese todo el daño et el menoscabo que por ende recebesem doblado, demais a todo quanto ouvesem me tornaría por ellos. |¹⁰ Sobre esto mando de parte del Rey, mio señor, et de la mía a los adelantados et merinos que agora ý som ou seeram de aquí adelante en tierra de [...] |¹¹ e a todos los outros justiças et juizes et alcaldes, et a todos los outros aportelados de las villas et lugares del reino de Galiza que esta carta |¹² virem, ou el traslado d'ella signado d'escrivam público, que non consentam alguno nem algunos que lles vayam nem pasem nem

32 Acceso á edición dixital: <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&cid=EGPAdoc/EGPAdoc-0004.xml>. Notas á edición: *consentam* (l. 17): ms. *consentiam*.

lles consentam ir nen pasar contra |¹³ esta merced que les yo fago
 nen contra ninhũa cousa d'ella, agora nen em algũu tempo por
 algũa maneira, nen cogam pechos algunos de los vasallos de la |¹⁴
 ordem et del dicho monesterio sem mi carta et sem mi man-
 dado; e outrosí que lles guardem et fagam guardar los privilegios
 et liberdades et gracias que ham |¹⁵ del emperador e de los reis
 onde el Rey, mio señor, viene, e non consenta alguno nim algu-
 nos que les vayam nen passem contra ellos nen contra parte |¹⁶
 d'ellos em ninguna manera. E si alguno ou algunos ý ouver que
 lles quixerem ir ou pasar contra ellos ou contra parte d'ellos et
 contra esta merced que les |¹⁷ yo fago, mando que lo nom con-
 sentam e que los prendam pola dicha pena de los mil moravedís,
 e la guardem para fazer d'ella lo que yo mandare et la |¹⁸ mi mer-
 ced for; e fagam emmendar al abade et convento del dicho
 mon[e]sterio et a los sus vasallos et homes ou a quien súa voz
 toviere todo el |¹⁹ daño et el menoscabo que por ende recibere
 doblado, e non faga ende a ninhũa maneira nen se escusen os
 ñus polos outros de lo así fazer e comprir, |²⁰ como dicho es, ca
 por qualquier ou qualesquier quem fincar de lo así fazer e com-
 prir et aguardar a ellos et a lo que ouvesem me tornaría por ello |
²¹ de aquí adelante, ca mi merced et voluntade es que el abade et
 el convento del dicho monesterio et sus cotos et sus vasallos et
 sus homes |²² que non seam em outra guarda nen em outra enco-
 mienda, sinón en la mía. E sobre esto mando al dicho abade et
 convento ou a quien súa voz toviere |²³ que si alguno ou algunos
 contra algũa cousa de las que en esta mi carta se contiene lles
 fore et passare o quiser ir ou pasar, que los em |²⁴ plazem que
 parezcam ante mí el concejo por su personero e los oficiales et
 los outros qualesquier que sejam personalmente d'u quer que yo
 sea |²⁵ del día que los emprazare a quinze días so pena de seiscen-
 tos moravedís d'esta moneda usal a cada uno a dizer por qual
 razom non cumprem mi mandado. E |²⁶ de cómo esta mi carta
 les fuer mostrada et los unos et los outros la comprinen, mando
 so la dicha pena a qualquier escrivam público que para esto for |
²⁷ llamado, que dénde al que la mostrar testemuyo signado com
 su signo por que yo sepa em cómo cumplem mio mandado et
 del emprazamiento |²⁸ para cuál día es. E desto lles mandei dar
 esta mi carta seellada com mio seello de cera colgado. Dada em
 Soria, ocho días de juyo, |²⁹ era de mil e quatrocentos et treze
 años. Yo, la Reina.

Este he o traslado da sobredita carta da dita reíña, a qual era
 escrita em prugamío |³⁰ de coiro et firmada do nome da dita reíña
 et seellada de seu seello pendente de cera, em que eram fegurados

castelos et leoes segundo parecía. |³¹ A qual dita carta eu, Gonçhalvo Peres, notario público jurado por el Rei em Baiona de Miñor et em seu alfoz, vi et lii e aquí bem et verdadeiramente trasladei |³² et escriví com miña mão o dito traslado por mandado et outoridade que para elo deu Joán Esteves, alcalde desta vila, que mandou a mim, dito notario, que a trasladase |³³ em pública forma com meu nome e signal, a qual dita outoridade deu ao dito traslado da dita carta que valesse et fezesse fe em juízo et fóra de juízo |³⁴ u quer que parecesse, assí como o verdadeiro reginal. O qual dito mandamento et outoridade foi dada e outorgada porlo dito alcalde, vinte et nove |³⁵ días de jullio, era de mil et quatrocentos et treze anos. Testemuyas que foron presentes: Pero Fariña, Joán Afonso de Midina, Lourenço Eanes, Afonso Eanes, |³⁶ Lourenço Martís, Álvaro Esteves, notarios; Afonso Gonçalves, Gonçhalvo Rodrigues de Cuncheira, García Martís, Joán Peres de [...], Martim Peres [...], Martim Cão, alfaiate; Álvaro Martís, |³⁷ Fernam Caneiras, moradores e viziños de Baiona e outros. E eu, dito notario, aquí em este dito traslado meu nome et signal pugi |³⁸ em testemuyo de verdade que tal he.

Comentarios:

Aínda que moitas veces as historias de reis, nobres, relixiosos, campesiños e mercadores se enuncian en masculino –ben polo uso dun masculino xenérico que, *per se* e sen mecanismos de control, xera ou reforza os imaxinarios androcéntricos, ben porque se lle outorga preferencia ás historias protagonizadas por varóns–, o caso é que moitas veces as mulleres desaparecen dos libros de texto incluso tratándose de mulleres situadas no cume da xerarquía social. É o caso das raíñas.

Neste caso estamos ante un documento que pertenceu a un mosteiro masculino, concretamente o de Santa María de Oia, da Orde cisterciense. Mais, como se comproba desde o encabezamento da fonte, a outorgante foi dona Xoana, quen se presenta como raíña de Castela e de León, e, consecuentemente, de todos os diferentes reinos e territorios que conformaban, á altura do século XIV, a Coroa castelá-leonesa, entre eles un reino de Galicia que, conforme avanzamos na lectura, tamén é mencionado explicitamente no propio documento.

Nas investigacións dos últimos anos foise poñendo de manifesto o destacado papel que desempeñaron as raíñas, tanto as que o foron como herdeiras dos tronos dos seus proxenitores –caso da raíña Urraca (1109-1126)–, como aquelas outras que colaboraron na empresa gubernativa das monarquías medievais na súa condi-

ción de raíñas consortes, caso de dona Xoana Manuel, consorte de Henrique II, o primeiro monarca da dinastía dos Trastámara, ou, mesmamente, dona Violante de Aragón, consorte de Afonso X, o Sabio, o monarca das *Cantigas de Santa María* ou das *Sete Partidas*, entre moitas outras obras elaboradas e promocionadas na súa corte³³. Por iso, este documento é un bo exemplo para tomar conciencia de que as mulleres outorgaron documentos e actuaron política, social, económica e culturalmente, non só acompañando os seus cónxuxes, senón tamén en solitario. Así, en 1375 a raíña consorte, dona Xoana, ou tamén coñecida como dona Xoana Manuel, tomou baixo a súa protección o abade, os monxes e o conxunto do patrimonio e vasalos do mosteiro galego, o que tamén dá boa conta de que, a pesar da distancia, a monarquía castelá seguía preocupándose e actuando a prol dos seus vasalos do reino de Galicia. Outro aspecto a destacar é o feito de mencionar que se protexe o mosteiro de cabaleiros, escudeiros e donas; é dicir, a raíña é consciente de que algunhas institucións relixiosas sufrían ataques de membros da nobreza que non só eran varóns, senón tamén mulleres. Neste sentido, fronte á consideración das mulleres como vítimas permanentes da historia, a aposta por discursos históricos máis amplos esixe preguntarse tamén polas mulleres que practicaron e exerceron a violencia –verbal ou física– e os abusos de poder.

Un último aspecto que non podemos deixar de salientar, especialmente relevante neste caso, é o intenso hibridismo lingüístico presente na copia do documento (ls. 1-29), que, por mandado do alcalde de Baiona Xoán Estévez, traslada o notario miñorán Gonzalo Pérez, quen manifesta que “llei e aquí bem et verdadeiramente trasladei et escriví con miña mão”, o que porén non impide, a pesar da súa procedencia rexia, que a redacción castelá orixinal se transforme involuntariamente nun texto híbrido moi interferido pola variedade romance (galego-portuguesa) propia do *scriptor* –tal e como se verifica, tamén, na notificación do traslado (ls. 29-38)– e que, aínda por aquela época (e, como pouco, até mediados do XV), continuaba a ser a lingua hexemónica empregada na escrita documental.

33 No EGPA foron editadas dúas copias do testamento de dona Violante de Aragón, promotora da fundación do mosteiro feminino de Santa Clara de Allariz. Véxase EGPA doc-0025 (<https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&id=EGPA doc/EGPA doc-0025>) e EGPA doc-0026 (<https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&id=EGPA doc/EGPA doc-0026>).

Doc. 6

1411, marzo, 14. Pontevedra.

Traslado das cláusulas testamentarias de Inés Afonso, muller de Vasco Mouríño de Pontevedra.

A – Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Colección Blanco Cicerón, nº 17. Pergamiño, orixinal, galego, gótica cursiva redonda híbrida. Bo estado de conservación. Ed.: EGPAdoc-0012³⁴.

Ano do nacemento de nostro señor Jesucristo de mil e quatrocentos e onze anos, quatorze días do mes de marzo. Sábean todos que, estando enna vila de Pontevedra ennas |² casas de morada de Vaasco Mouríño e de súa moller Inés Afonso, moradores enna dita vila, en presenza de min, notario e testemoyas adeante escritas, fui presentada aa dita Inés |³ Afonso, moller do dito Vaasco Mouríño, que jazía doente en ùu leito, ùa manda que a dita Inés Afonso o día de oonte fizera escribir por min, notario, da qual o tenor atal he:

|⁴ Enno nome de Deus, amén. Ano do nacemento de nostro señor Jesucristo de mil e quatrocentos e onze anos, treze días do mes de marzo. Sábean todos que eu, Inés Afonso, moller |⁵ de Vaasco Mouríño de Pontevedra, jazendo doente de doenza qual Deus teve por ben de me dar, pero grazas a Deus avendo todo meu siso e entendemento complido, e |⁶ temendo a morte, que he cousa natural, faço mña manda e testamento e mña postromeira voontade en tal guisa e por tal maneira que se de min beer a morte, meus bees e mña fazenda |⁷ fiquen ordenadamente a servizo de Deus e prole soude da miña alma. Primeiramente mando a mña alma ao meu señor Jesucristo, que a comprou e remiui porlo seu santo sangue justo pre|⁸cioso, e rogo e peço por merced aa bendita virgo María que queira seer mña avogada enna ora de mña morte e ao día do juízo con tódoslos santos e santas da corte do ceo celestial |⁹

34 Acceso á edición dixital: <https://corpora.uah.es/egpal/index.php?action=file&cid=EGPAdoc/EGPAdoc-0012>. Notas á edición: *postromeira* (l. 6): o segundo <o> foi obxecto de corrección. | prol (l. 7): A forma acurtouse a través de dous mecanismos abreviativos diferentes: o lazo infralinear e a superposición literal. | *Pena, junto* (l. 13), *t[iú]dos* (l. 17), *couto* (l. 22): a transcripción destas secuencias non é totalmente segura debido ao deterioro do soporte. | *outorgo que* (l. 19): parece que foi apagado ou corrixido algo entre esta secuencia e a palabra seguinte. | *manda e* (l. 19): esta secuencia aparece entrelíñada. | *ningúa* (l. 21): O trazo supralinear é recto e abrangue toda a palabra, mais, polo *usus scribendi*, interpretamos que só abrevia o <-n> da primeira sílaba.

que queiran seer rogadores por mín ao meu señor Jesucristo. Iten mando que se de mín beer a morte, meu corpo seer enterrado enno moesteiro de Santo Domingo da dita vila apar donde jaz |¹⁰ María Afonso, miña irmaa que fui.

E contiñíñase máis ao adeante enna manda óntrelas outras cousas ũas cláusulas que dizen así:

Iten mando que me fañan as frailas |¹¹ do moesteiro de Santa Clara da dita vila que agora son e foren d'aquí endeante enno dito moesteiro en cada ũu ano para sempre ũu aniversario, e rezen as oras dos mortos en cada |¹² primeiro día de quareesma por miña alma; e que lles den para pescado en cada ũu ano para sempre enno dito primeiro día de quareesma quinze moravedís brancos en tres diñeiros. E mándolles que |¹³ os ajan porla miña parte da casa que está enna Rúa da Pena, junto con as casas onde suía de morar Afonso do Covelo, meu padre que fui. Faço compridor desta dita miña |¹⁴ manda e testamento que a cumpla e pague por meus bñes e sen seu dano a Tareija Eanes, dita Crúa, mña irmaa. E complida e pagada esta dita mña manda e testamento |¹⁵ e todo o que eu por ela mando comprir e pagar enno al sobejo e remanecente que sobejar e remanecer de todos meus bñes, así móveles como raíces, faço en eles por miña heree uni|¹⁶versal aa dita Tareija Eanes, dita Crúa, mña irmaa, para que os aja e herde en toda súa vida e faça deles toda súa libre vontade. E ao tempo do seu finamento, non avendo ela fillo ou |¹⁷ filla, que se den porla miña alma e de meus padre e madre e daqueles a que eu e eles somos t[iú]dos. E esto dou e outorgo por miña manda e testamento e miña postromeira vontade, e revoco e |¹⁸ dou por nihñas tódaslas outras miñas mandas e testamentos e codicilos que eu aja e teña feitos e outorgados até aquí, así por notario como por testemoyas como en outra qualquer maneira, que quero e outorgo que non |¹⁹ vallan nen fañan fe en juízo nen fóra del, salvo ende esta tan solamente que ora outorgo por este notario e testemoyas, que quero e outorgo que valla por maneira de manda e de testamento e de codicilo e porla outra mellor |²⁰ guisa, forma e maneira que poso e devo con dereito. E aparte tódoslos outros meus parentes e parentas con cinco en soldo. E qualquer da miña parte ou da estraña que contra esta dita miña manda e testamento |²¹ e mña postromeira vontade beer para a embargar [e] quebrantar, en parte ou en todo, que súa demanda e embargo que non valla e seja ningúna, e peite por pena aa dita miña herel e compridor diez mil |²² moravedís da moeda usável en que coutho esta dita miña manda. E a pena pagada ou non, toda vía esta dita manda e as cousas en ela

contiúdas fiquen firmes e vallan para sempre. Feita a dita manda |
²³ enna dita vila, era [e] días e mes sobreditos.

A qual manda así presentada e mostrada aa dita Inés Afonso, logo entón Tareija Eanes Crúa, súa irmaa, e o doctor frei Nicolau da Cruña e |²⁴ María, condesa, moller de Juan Domingues, e outras moitas molleres fezeron pregunta por moitas veces aa dita Inés Afonso se outorgava a dita manda enna guisa que a fizera e mandara escribir |²⁵ a min, notario, e que ante ela era presentada; e ela diso por dúas veces que si. Testemoyas que a esto foron presentes chamadas e rogadas: o doctor frei Nicolau da Cruña, fraile da orden de Santo |²⁶ Domingo; e Rui Lopes, sobriño de Pero Ares d'Aldaa; e Martín Roubón, pescador; e Joán Sarralleiro, moradores enna dita vila de Pontevedra. |²⁷

E eu, Juan de Santa María, notario público jurado da vila de Pontevedra, a esto, como dito he, con as ditas testemoyas chamado e rogado, presente fui |²⁸ e o escriví, e aquí meu nome e sinal puge en testemoyo de verdade. E esta dita cláusula contiúda enna dita manda dei aa abadesa e convento de Santa Clara da |²⁹ dita vila a que pertecía, que ma pediron para súa garda.

(*signo*) Iohanes.

Comentarios:

Ao igual que sucedía no anterior documento seleccionado, estamos perante un traslado documental, é dicir, unha copia realizada con todas as garantías legais de cara a ter o mesmo valor xurídico que un documento orixinal. Nesta ocasión o que se trasladou non foi un documento íntegro senón un conxunto de cláusulas testamentarias correspondentes a unha muller, Inés Afonso, quen outorgou o seu testamento estando doente no seu leito, dentro das casas nas que vivía co seu marido, Vasco Mourinho.

A pesar de non estarmos ante un testamento íntegro, a través deste texto é posible achegarse ao formulario e ás disposicións habituais que conteñen os testamentos medievais. Tras a identificación da testadora, e a declaración do seu estado de saúde física e mental, ofrécense diferentes cláusulas relativas á organización de todo o relativo ao futuro da alma –de aí a encomendación á divindade e a solicitude de avogados celestiais–, do corpo –coa elección do lugar de sepultura, neste caso o mosteiro de Santo Domingo de Pontevedra, e xunto a onde xa fora enterrada unha irmá (o que nos fala da continuidade de vínculos afectivos *post mortem*)– e do seu patrimonio. Este último aspecto é o que adoita dar lugar a un volume máis ou menos amplo de disposicións. Non se trata só de

nomear os herdeiros ou herdeiras –nesta ocasión a súa irmá Tareixa Eanes, alcumada Crúa, o que dá boa conta, de novo, de como casar non implicaba romper coa familia de orixe, e, certamente, neste documento a relación entre irmás cobra unha relevancia moi notable–, senón tamén de outorgar legados píos a diversas institucións –aquí destaca, por exemplo Santa Clara de Pontevedra– ou a favor de particulares. Como xa indicamos, aquí non se conserva o testamento íntegro, de aí que se copien só algunhas cláusulas. E neste sentido cómpre reflexionar sobre quen mandou elaborar este traslado para entender por que cobra gran protagonismo Santa Clara de Pontevedra e non outras institucións que posiblemente tamén foron nomeadas pola testadora. O notario, Xoán de Santa María, recoñece ao final do documento, que “esta dita cláusula contiúda enna dita manda dei aa abadesa e convento de Santa Clara (...) que ma pediron para súa garda”. É dicir, as relixiosas solicitaron unha copia da parte que lles interesaba do testamento para xustificar os seus dereitos de propiedade sobre o que lles mandou a testadora. É un bo exemplo do xa referido papel das mulleres como fazedoras ou promotoras e, ao mesmo tempo, gardiás da cultura escrita na Galicia medieval (García-Fernández 2022b). Ao fin e ao cabo, este documento explícase polo desexo de Inés Afonso de outorgar testamento e pola petición das clarisas pontevedresas por custodiar unha copia da parte dese testamento que máis lles interesaba.

Por outro lado, e do mesmo xeito que varios dos documentos aquí recollidos mostran o papel das relixiosas como señoras e propietarias, e, polo tanto, como axentes económicos activos no seo da sociedade medieval, nestoutro documento tamén se pon de manifesto o seu papel relixioso, xa que os legados ás freiras de Santa Clara se realizan coa petición de que lle fagan un aniversario “e rezen as oras dos mortos en cada primeiro día de quareesma por miña alma”.

A modo de peche

Co obxectivo de que o profesorado en formación dispoña de materiais de calidade para integrar na ensinanza-aprendizaxe da Historia na Educación Secundaria as fontes primarias e, ao mesmo tempo, para contribuír a cuestionar o discurso androcéntrico que predomina no sistema e nos manuais educativos, neste traballo ofrécese a edición dun pequeno conxunto de pergamíños da Galicia medieval no que se pon de manifesto non só a presenza das mulleres senón tamén, e sobre todo, a súa participación activa no seo da sociedade medieval e das súas estruturas e dinámicas sociais,

económicas, políticas e culturais. Son materiais que forman parte do Escritorio Galego-Portugués Antigo, o EGPA, unha iniciativa na que, sen renunciar á súa publicación en soporte analóxico como na presente ocasión, tamén se aposta polas múltiples oportunidades que ofrece o mundo dixital para o propio traballo na aula, sobre todo de cara a favorecer o contacto directo do profesorado en formación e do seu alumnado cun dos grandes retos a vencer con vistas a un maior aproveitamento na aula das fontes documentais da Idade Media: a paleografía e a diplomática. Traballar os distintos tipos de escrita que foron empregados durante o período medieval, así como os diferentes tipos e rexistros documentais, os axentes escriturarios, os contidos, os formatos e as cláusulas habituais neste tipo de documentos, as diferentes linguas empregadas nesa documentación... todos eles son aspectos que non só axudan a coñecer mellor a sociedade medieval e o papel das mulleres dentro do sistema, senón tamén a ser conscientes do traballo historiográfico e dos retos que supón a investigación en humanidades; unha investigación humanística que, desta forma, pode contemplarse como unha posibilidade de futuro para o propio alumnado, enriquecendo o imaxinario da investigación máis alá das disciplinas coas que habitualmente se identifican os saberes científicos. Así mesmo, a observación e o estudo de todas estas fontes primarias poden repercutir de forma efectiva na toma de consciencia respecto da importancia de conservar e visibilizar o patrimonio histórico, entendendo este non só como un conxunto de monumentos histórico-artísticos, senón tamén como o patrimonio material de tipo documental (e arqueolóxico), así como o inmaterial, que chegou até os nosos días.

Referencias bibliográficas

- AGUADO, Ana M.^a *et alii* (1994): *Textos para la historia de las mujeres en España*. Madrid: Cátedra.
- ÁLVAREZ GARCÍA, Carmen (2020): “Una aproximación a la historia medieval en Galicia entre los años 2007 y 2017”, *Historiografías*, 19, pp. 122-144.
- ARES LEGASPI, Adrián (2018): “La aplicación de un Ciclo de Mejora Docente en la enseñanza de la Paleografía en las aulas universitarias”, en *Jornadas de Formación e Innovación Docente del Profesorado*, 1, pp. 1307-1323.
- ARES LEGASPI, Adrián e Diego BELMONTE FERNÁNDEZ (2018): “Aplicación de las TIC y otros recursos en la

- enseñanza y difusión de las ciencias y técnicas historiográficas (CCyTTHH)”, en Alfonso Chaves-Montero (ed.), *Las TIC como plataforma de teleformación e innovación educativa en las aulas*. Sevilla: Egregius, pp. 75-94.
- ARIAS FREIXEDO, Xosé Bieito (ed.) (2003): *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*. Vigo: Xerais.
- AYUSO LÓPEZ, Teresa, e M.^a Ángeles RODRÍGUEZ e Pedro ROMERA IGLESIAS (colabs.) (1997): *Fuentes documentales sobre el trabajo de las mujeres. Unidad didáctica. La Edad Media*. Madrid: Akal.
- BiRMED = Déborah González (coord.): *Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval* (versión 3.0, 2022). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia <<https://www.cirp.es/bdo/bdo-birmed3.html>> [data da última revisión: 21/04/2024].
- BITAGAP = Arthur L.-F. Askins, Harvey L. Sharrer e Martha E. Schaffer (dirs.): *Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses*. Berkeley: The Bancroft Library, University of California <https://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap_ga.html> [data da última revisión: 21/04/2024].
- BOIX VICENTE, Alba María e Carlos FUERTES MUÑOZ (2024): “El profesorado de secundaria en ejercicio ante la inclusión de la historia de las mujeres: discursos y prácticas”, en Raimundo A. Rodríguez Pérez, Francisco Javier Trigueros Cano e Alicia Antolinos Sánchez (eds.), *Mirando el futuro: educación histórica y valores cívicos*. Barcelona: Ediciones Octaedro, pp. 145-156.
- CABALLERO GÓMEZ, Víctor, Mireia PERIS VICENT e Ricardo PICHEL (2024): “Automatización de procesos en el desarrollo de corpus históricos: una propuesta desde las redes CHARTA y EGPA”, *Scriptum Digital*, 13 (no prelo).
- CALVO MATURANA, Antonio *et alii* (coords.) (2022): *Fuentes para el estudio de la Historia de las mujeres*. Granada: Editorial Comares.
- CAMPOS SOUTO, María Begoña e Mar CAMPOS SOUTO (1996): *Prosa histórica, relixiosa e xurídica medieval. Antoloxía*. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- CGPA = Xavier Varela Barreiro (dir.): *Corpus Galego-Portugués Antigo*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela. <<https://ilg.usc.gal/cgpa/>> [data da última revisión: 21/04/2024].

- CODOLGA = Xosé Carracedo Fraga (dir.): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (versión 20, 2023). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia <<https://corpus.cirp.es/codolga/>> [data da última revisión: 21/04/2024].
- CRUZ SOLÍS, Isabel de (2009): *Enseñar Historia del Arte. Una propuesta didáctica para Primaria y Secundaria*. Madrid: Editorial CCS.
- DOMÍNGUEZ TOURIÑO, Guillermina (2012): “O ensino da Historia desde a perspectiva de xénero no currículo da ESO e do Bacharelato”, en Miguel García-Fernández, Silvia Cernadas Martínez e Aurora Ballesteros Fernández (eds.), *As mulleres na Historia de Galicia. Actas do I Encontro Interdisciplinar de Historia de Xénero*. Santiago de Compostela: Andavira Editora, pp. 277-298.
- DURO PEÑA, Emilio (1967): “El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives”, *Archivos Leoneses*, 41, pp. 7-86.
- ECHEVARRÍA ARSUAGA, Ana (coord.) (2015): *La Historia Medieval en la Enseñanza Secundaria Obligatoria: un balance*. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia.
- EGPA = Ricardo Pichel e Miguel García-Fernández (dirs.): *Escritorio Galego-Portugués Antigo*. Santiago de Compostela / Alcalá de Henares: Universidade de Santiago de Compostela / Universidad de Alcalá / UNED. <<https://corpora.uah.es/egpa/>> [data da última revisión: 21/04/2024].
- Escolma da Literatura Galega. Prosa I* (1989): Gijón: Silverio Cañada Editor [Gran Enciclopedia Gallega].
- FARIÑA BUSTO, Francisco e José SUÁREZ OTERO (2023): “Arqueoloxía medieval en Galicia. Das orixes ó século XXI”, *Boletín Auriense*, 53, pp. 195-226.
- FELIU TORRUELLA, Maria e F. Xavier HERNÁNDEZ CARDONA (2011): *12 ideas clave. Enseñar y aprender historia*. Barcelona: Editorial GRAÓ.
- FIDALGO, Elvira e Milagros MUÍÑA (2005): *Cantigas de Santa María. Proposta de explotación didáctica*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Xunta de Galicia.
- FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, José Ignacio (1994): *Colección diplomática del monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón*. Lugo: Deputación Provincial de Lugo.
- FERREIRO, Manuel (dir.) (2018-): *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. A Coruña: Uni-

- versidade da Coruña <<http://universocantigas.gal>> ISSN 2605-1273 [data da última revisión: 21/04/2024].
- FONTEGAM = Xosé Carracedo Fraga e Xavier Varela Barreiro (dirs.): *Fontes Textuais da Galicia Medieval*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela <<https://corpus.cirp.gal/fontegam>> [data da última revisión: 21/04/2024].
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (1996): *Prosa literaria medieval. Antoloxía*. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel (2018): “Voces, susurros y silencios femeninos en la documentación medieval gallega”, en Esther Corral Díaz (ed.), *Voces de mujeres en la Edad Media. Entre realidad y ficción*. Berlín, Boston: De Gruyter Publishers, pp. 113-123.
- GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel (2019): “PARES e Galiciana: o patrimonio documental galego na Rede. Da Idade Media ao século XXI”, *Murguía. Revista Galega de Historia*, 40, pp. 137-143.
- GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel (2022a): “Nin santas, nin pecadoras; ou todo e máis. Da condición feminina ás voces e actuacións das mulleres na documentación medieval galega”, en Ricardo Pichel (ed.), «*Tenh'eu que mi fez el i mui gran ben*». *Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer*. Madrid: Sílex, pp. 225-284.
- GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel (2022b): “Las mujeres como fazedoras y guardianas de la cultura escrita en la Galicia medieval. Una aproximación preliminar”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 25, pp. 115-136.
- GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel (2022c): “O patrimonio documental galego na rede (II): de Ribadeo a Zaragoza, pasando polo Saviñao”, *Murguía. Revista Galega de Historia*, 45-46, pp. 307-316.
- GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel e Ricardo PICHEL (2023): “Arredor dun pergamiño inédito do mosteiro bieito feminino de San Miguel de Bóveda do século XV. Estudo e contextualización para a historia das mulleres galegas”, *Murguía. Revista Galega de Historia*, 47, pp. 49-68.
- GARIBEH LOUZE, Antuanett e Rafael DURO GARRIDO (2020): “El papel de la mujer en la enseñanza de la Historia Moderna”, en Francisco García González *et alii* (coords.), *La Historia Moderna en la Enseñanza Secundaria. Conteni-*

- dos, métodos y representaciones*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, pp. 61-70.
- GMH = Ramón Villares (dir.), Rosario Álvarez Blanco (coord.): *Gallaeciae Monumenta Historica*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega <<https://gmh.consellodacultura.gal/>> [data da última revisión: 21/04/2024].
- KITSON, Alison, Susan Steward e Chris HUSBANDS (2015): *Didáctica de la Historia en Secundaria Obligatoria y Bachillerato. Comprender el pasado*. Madrid: Ediciones Morata.
- LÓPEZ NAVAJAS, Ana, Ángel LÓPEZ GARCÍA-MOLINS *et alii* (2009): *La Presencia de las Mujeres en la E.S.O.* Disponible en rede: <http://mujeresenlaeso.uv.es/informe/index.php>
- LÓPEZ OJEDA, Esther (coord.) (2021): *Las mujeres en la Edad Media. XXX Semanas de Estudios Medievales, Nájera, del 22 al 26 de julio de 2019*. Logroño: Instituto de Estudios Riojanos.
- MALDONADO CID, Daniel (2020): “Mujeres olvidadas en la Historia. Estereotipos e invisibilidad en los libros de texto”, en Francisco García González *et alii* (coords.), *La Historia Moderna en la Enseñanza Secundaria. Contenidos, métodos y representaciones*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, pp. 695-705.
- MANZANO MORENO, Eduardo (2024): *España diversa. Claves de una historia plural*. Barcelona: Crítica.
- MARCO, Aurora (2007): *Diccionario de mulleres galegas*. Vigo: A Nosa Terra.
- MARÍN MAÍNAR, Nerea (2021): *Cuatro experiencias de aprendizaje para la inclusión de las mujeres en la Historia de 2º de ESO*. Trabajo Fin de Mestrado. Universidad de Zaragoza. Disponible en: <https://zaguan.unizar.es/record/109906?ln=es>
- MARTÍN LÓPEZ, David e Francisco FERNÁNDEZ IZQUIERDO (2020): “La paleografía como recurso didáctico interdisciplinar en el aula de secundaria”, en Francisco García González *et alii* (coords.), *La Historia Moderna en la Enseñanza Secundaria. Contenidos, métodos y representaciones*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, pp. 781-791.
- MARTÍNEZ, Cándida *et alii* (dirs.) (2000): *Mujeres en la Historia de España*. Barcelona: Planeta.
- MARTÍNEZ SÁEZ, Antonio (1988): *El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives. Estudio histórico y diplomático*, tese de doutoramento inédita. Granada: Universidad de Granada, 4 vols.

- MARTÍNEZ SAN NICOLÁS, Begoña (2020): “Relegadas a un segundo plano: la figura femenina en los currículos de Educación Secundaria”, en Francisco García González *et alii* (coords.), *La Historia Moderna en la Enseñanza Secundaria. Contenidos, métodos y representaciones*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, pp. 165-173.
- MELÉNDEZ CABO, Marina e Isabel VEGA VÁZQUEZ, (2010): *Guía para o estudo da lírica profana galgo-portuguesa*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Xunta de Galicia.
- MONTEAGUDO ROMERO, Henrique (1994): *Antoloxía da prosa literaria galega medieval*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- PAGÈS POYATOS, Andrea (2017): *La inclusión del discurso femenino en la enseñanza de la Historia. Una propuesta didáctica a través de la figura de la mujer medieval*. Trabajo Fin de Máster. Universidad Autónoma de Madrid. Disponible en: <https://libros.uam.es/tfm/catalog/download/880/1514/1437?inline=1>
- PAMPLIEGA PEDREIRA, Víctor e Alba de la CRUZ REDONDO (2020): “Aprender la Historia Moderna desde las fuentes en Educación Secundaria”, en Francisco García González *et alii* (coords.), *La Historia Moderna en la Enseñanza Secundaria. Contenidos, métodos y representaciones*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, pp. 207-216.
- PENA, Xosé Ramón (1990 [1986]): *Literatura galega medieval*. Vol. 2. *Antoloxía (Lírica e prosa)*. Barcelona: Sotelo Blanco, 2ª ed.
- PENA, Xosé Ramón (2000 [1992]): *Manual e antoloxía da Literatura Galega Medieval*. Barcelona: Sotelo Blanco, 3ª ed.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier (2010): “Historia medieval de Galicia: un balance historiográfico (1988-2008)”, *Minius*, 18, pp. 59-146.
- PICHEL, Ricardo e Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ (2023): “O EGPA: unha nova ferramenta colaborativa de edición dixital en acceso aberto”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 26. Disponible en rede: <https://revistas.ucm.es/index.php/MADR>.
- PICHEL, Ricardo e Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ (2024): “O Escritorio Galego-Portugués Antigo (EGPA): unha plataforma colaborativa para a edición dixital de textos”. Póster presentado na *I Xeira CLARIAH-GAL* (2 de maio de 2024, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filo-

- loxia). Disponible en rede: <https://ilg.usc.gal/es/actividades/I-xeira-clariah-gal> / <https://www.academia.edu/118854590>.
- PICHEL, Ricardo, Marina Aurora GARZÓN FERNÁNDEZ, Tania VÁZQUEZ GARCÍA e Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ (auts.); Esther CORRAL DÍAZ e Ricardo PICHÉL (coords.) (2020): *Guía para o estudo da prosa galega medieval*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Xunta de Galicia [ArGa-Med 3]. Disponible en rede: <https://libraria.xunta.gal/es/guia-para-o-estudo-da-prosa-galega-medieval-3>.
- PORTAS RODRÍGUEZ, Iria (2017): “Las mujeres durante la II República y la Guerra Civil española. Un estudio de caso de la enseñanza en 4º de ESO”, en Adrià Llacuna e Helena Saavedra-Mitjans (coords), *Experiencia e historia en la Contemporaneidad. Historia pensada, Historia enseñada y Memoria Histórica*. Barcelona: Departament d'Història Moderna i Contemporània de la Universitat Autònoma de Barcelona, pp. 255-268.
- PORTELA, Ermelindo e M.^a Carmen PALLARES (1988): “Historiografía sobre la Edad Media de Galicia en los últimos diez años (1976-1986)”, *Studia Historica. Historia Medieval*, 6, pp. 7-25.
- PORTELA, Ermelindo e M.^a Carmen PALLARES (1993): “La investigación histórica sobre la Edad Media en Galicia”, *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 5, pp. 73-106.
- REY CASTELAO, Ofelia (coord.) (2010-2011): *Historia das mulleres en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia e NigraTrea, 4 vols.
- RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé (coord.) (1999): *Textos para a historia das mulleres en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- RUBIERA CANCELAS, Carla *et alii* (2022): “La Historia de las Mujeres y su enseñanza en el aula. De la Universidad a la Educación Secundaria-Bachiller”, en Juan Miguel Ribera Puchades e Magdalena Sáenz de Jubera Ocón (coords.), *La innovación como motor para la transformación de la enseñanza universitaria*. Logroño: Universidad de La Rioja, pp. 11-22.
- SAAVEDRA-MITJANS, Helena (2017): “¿Dónde están las mujeres? Análisis de la presencia/ausencia de las mujeres en la historia contemporánea en los manuales de educación secundaria”, en Adrià Llacuna e Helena Saavedra-Mitjans (coords), *Experiencia e historia en la Contemporaneidad. Historia pensada, Historia enseñada y Memoria Histórica*. Barce-

- lona: Departament d'Història Moderna i Contemporània de la Universitat Autònoma de Barcelona, pp. 283-301.
- SÁIZ SERRANO, Jorge (2010): ¿Qué historia medieval enseñar y aprender en Educación Secundaria?”, *Imago Temporis. Medium Aevum*, 4, pp. 594-607.
- SANT OBIOLS, Edda e Joan PAGÉS BLANCH (2011): “¿Por qué las mujeres son invisibles en la enseñanza de la Historia?”, *Revista Historia Y MEMORIA*, 3, pp. 129-146.
- SEGURA GRAÍÑO, Cristina (1998): *Diccionario de mujeres en la Historia*. Madrid: España-Calpe.
- SOUTO CABO, José António (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa - Universidade da Coruña.
- ZABALETA ARANAZ, Maite (2016): *La transposición didáctica de fuentes primarias de historia medieval*. Trabajo Fin de Mestrado. Universidad Pública de Navarra. Disponible en: <https://hdl.handle.net/2454/21502>.

ÍNDICE

A investigación nas Ciencias Sociais: lexislación, acceso ás fontes documentais e memoria histórica	11
Uxío-Breogán Diéguez Cequiel & Sara Carou García	
Fontes documentais da Galicia Medieval para o profesorado en formación: materiais para a inclusión da perspectiva de xénero na Educación Secundaria a partir do EGPA.....	29
Miguel García-Fernández & Ricardo Pichel	
El portal PARES, ¿recurso educativo?. Reflexiones en torno al uso de las fuentes históricas en la formación del profesorado y de la propia práctica docente	69
Roberto García-Morís	
As Ciencias Sociais e as programacións didácticas no ensino non universitario	83
Ana Romero Masiá	
Ciencias Sociais e Educación en Galicia: unha perspectiva sociolóxica sobre o rendemento académico	97
Belén Fernández Suárez	
Antropologia aplicada à educação patrimonial no ensino superior: experiências a partir do pólo da UTAD em Chaves.....	115
Xerardo Pereiro	
Mulleres e migracións na Galicia contemporánea. Perspectivas de análise e recursos didácticos para tratar a emigración transoceánica nas aulas de ensino secundario	127
María Xosé Vázquez Lojo & Raúl Soutelo Vázquez	
Alfabetizar cartograficamente para educar xeograficamente...151	
Francisco Rodríguez Lestegás	
A cidade como aula: na procura dunha educación cívica, democrática e participativa.....	173
Verónica Rúa Garrido e Xosé Constenla Vega	

La cartografía temática digital como recurso didáctico para la enseñanza-aprendizaje de la geografía de Galicia 191
Yamilé Pérez Guilarte, Francisco Xosé Armas Quintá & Xosé Carlos Macía Arce

Aproximación didáctica aos portais web de museos de Santiago de Compostela. Un estudo de caso 207
Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

Reflexións sobre o futuro da educación e das Ciencias Sociais a través das TIC. Unha visión para o desenvolvemento do sistema educativo a través da historia e do seu presente e futuro co horizonte da tecnoloxía 233
Juan Antonio Colao Barbas

Dentro dos propósitos do Instituto Galego de Historia, desde toda a súa andaina, estivo moi presente a reflexión epistemolóxica sobre o campo das Ciencias Sociais. Un esforzo intelectual de especial interese no mundo cambiante no que vivimos, nomeadamente na actual etapa do tempo que coñecemos como Globalización.

Esta obra polifónica nace co desexo de responder a varias interrogantes referidas ao acceso ás fontes documentais, ás novas tecnoloxías, á organización escolar e o rendemento académico, á antropoloxía cultural e á didáctica da historia, da xeografía e do patrimonio desde o devandito campo das Ciencias Sociais.